Asinado dixitalmente por:
Rexistro electrónico
Data: 12/01/2024 11:39:30
Razón: Rexistro electrónico
Localización: Parlamento de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

XI lexislatura
Número 623
12 de xaneiro de 2024

CSV: BOPGDSPG-B7FhvGqqY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.5. Procedementos relativos a outras institucións e órganos
1.5.1. De ámbito autonómico galego
1.5.1.2. Consello de Contas
1.5.1.2.2. Plan anual de traballo

Plan anual de traballo do Consello de Contas para o ano 2024 234911

2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

2.4. Organización e funcionamento do Parlamento
2.4.3. Convocatorias

Acordo da Deputación Permanente, do 11 de xaneiro de 2024, de aprobación da convocatoria urxente dunha sesión da Deputación Permanente 234909

Acordo da Deputación Permanente, do 11 de xaneiro de 2024, de rexeitamento da convocatoria urxente dunha sesión da Deputación Permanente 234910

CSV: BOPGDSPG-B7FhvGqqY-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

1. Procedementos parlamentarios

1.5. Procedementos relativos a outras institucións e órganos
1.5.1. De ámbito autonómico galego
1.5.1.2. Consello de Contas
1.5.1.2.2. Plan anual de traballo

Plan anual de traballo do Consello de Contas para o ano 2024

A Mesa da Deputación Permanente do Parlamento de Galicia, na súa sesión do día 11 de xaneiro de 2024**,** adoptou o seguinte acordo:

— Plan anual de traballo do Consello de Contas para o ano 2024 (doc. núm. 63790, 11/CPAT-000003).

A Mesa toma coñecemento e acorda o traslado á Mesa da Comisión para as Relacións co Consello de Contas que se constitúa na XII lexislatura, e a publicación.

Santiago de Compostela, 11 de xaneiro de 2024
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

2.4. Organización e funcionamento do Parlamento
2.4.3. Convocatorias

Acordo da Deputación Permanente, do 11 de xaneiro de 2024, de aprobación da convocatoria urxente dunha sesión da Deputación Permanente

A Deputación Permanente, na súa sesión do día 11 de xaneiro de 2024**,** adoptou o seguinte acordo:

Aprobar a solicitude de convocatoria urxente dunha sesión da Deputación Permanente, por 23 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.

Punto 1. Solicitude de convocatoria da Deputación Permanente

1.3 63855 (11/SCDP-000012)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Santalices Vieira, Miguel Ángel e doce deputados/as máis
Solicitude de convocatoria da Deputación Permanente en relación a petición de comparecencia solicitada polo Goberno, da vicepresidenta segunda e conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda para informar «sobre a situación do litoral galego tras a perda da carga do mercante *Toconao* fronte á costa portuguesa» (doc. núm. 63853).

Santiago de Compostela, 11 de xaneiro de 2024
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

CSV: BOPGDSPG-B7FhvGqqY-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Acordo da Deputación Permanente, do 11 de xaneiro de 2024, de rexeitamento da convocatoria urxente dunha sesión da Deputación Permanente

A Deputación Permanente, na súa sesión do día 11 de xaneiro de 2024**,** adoptou o seguinte acordo:

Rexeitar, por 10 votos a favor, 13 en contra, e ningunha abstención, as solicitudes de convocatoria urxente dunha sesión da Deputación Permanente.

Punto 1. Solicitude de convocatoria da Deputación Permanente

1.1 63822 (11/SCDP-000010)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana e cinco deputados/as máis
Escrito de seis deputadas e deputados do Bloque Nacionalista Galego, pertencentes á Deputación Permanente, polo que solicitan a convocatoria urxente da Deputación Permanente

1.2 63831 (11/SCDP-000011)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana e cinco deputados/as máis
Escrito de seis deputadas e deputados do Bloque Nacionalista Galego, pertencentes á Deputación Permanente, polo que solicitan a convocatoria urxente da Deputación Permanente

Santiago de Compostela, 11 de xaneiro de 2024
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

CSV: BOPGDSPG-B7FhvGqqY-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2023 11:47:20
Nº Rexistro: 63790
Data envio: 29/12/2023 11:47:20.040

Consello de Contas de Galicia

Juan Carlos Aladro Fernández (1 para 1)
Conselleiro maior
Data de Sinatura: 29/12/2023
HASH: 369d370a5932b6dcaa5af8edc86cf1d6

Remítolle o Plan Anual de Traballo do Consello de Contas de Galicia para o ano 2024, aprobado de acordo co previsto no artigo 7.3 m) da Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas, polo Pleno da Institución na súa sesión do 28 de decembro de 2023.

Santiago de Compostela ao día da sinatura electrónica

Juan Carlos Aladro Fernández

Conselleiro maior

Sr. Presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPG-B7FhvGqqY-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 9DRKZK6HSHX7LRYD6KTJFMP6N
Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 1

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2023 11:47:20
Nº Rexistro: 63790
Data envio: 29/12/2023 11:47:20.040

Asinado dixitalmente por:

JUAN CARLOS ALADRO FERNÁNDEZ - 09721812B (FIRMA) na data 29/12/2023 9:30:51

CSV: BOPGDSPG-B7FhvGqqY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Consello de Contas
de Galicia

PLAN ANUAL DE TRABALLO
EXERCICIO 2024

APROBADO POLO PLENO DO CONSELLO DE CONTAS O 28 DE DECEMBRO DE 2023

CSV: BOPGDSPG-B7FhvGqqY-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: KT2G3MXLZ6HJ4A5QM5XGKR5F4
Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 41

CSV: BOPGDSPG-B7FhvGqqY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: KT2G3MXLZ6HJ4A5QM5XGKR5F4
Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 41

ÍNDICE

I. INTRODUCIÓN 3

II. PROGRAMA DE FISCALIZACIÓNS 4

II.1. OBXECTIVOS XERAIS DAS ACTUACIÓNS PROGRAMADAS 4

II.2. ACTUACIÓNS PROGRAMADAS 4

III. PROGRAMA DE ACTIVIDADES DE PREVENCIÓN DA CORRUPCIÓN 37

III.1. ACTUACIÓNS XERAIS 37

III.2. ACTUACIÓNS PROGRAMADAS 38

CSV: BOPGDSPG-B7FhvGqqY-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: KT2G3MXLZ6HJ4A5QM5XGKR5F4
Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 41

CSV: BOPGDSPG-B7FhvGqqY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: KT2G3MXLZ6HJ4A5QM5XGKR5F4
Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 41

I. INTRODUCIÓN

Segundo dispón o artigo 1 da Lei 6/1985, o Consello de Contas é o órgano técnico dependente do Parlamento de Galicia ao que corresponde a fiscalización externa da xestión económica, financeira e contable dos fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia, así como o asesoramento ao Parlamento de Galicia en materia económica e a competencia de prevención da corrupción no ámbito do sector público da Comunidade Autónoma.

A función fiscalizadora ten por obxecto comprobar o efectivo sometemento da actividade económica, financeira e contable do sector público de Galicia aos principios constitucionais de legalidade, eficacia, eficiencia e economía en relación con todos aqueles actos que dean lugar ao recoñecemento de dereitos e obrigas de contido económico, así como os ingresos e gastos que deles se deriven e, en xeral, cos relativos á recadación, investimentos ou aplicación de fondos públicos e a súa adecuación á consecución dos obxectivos previstos.

Así mesmo a Institución ten atribuídas as seguintes competencias en materia de prevención da corrupción: a) Colaborar coas administracións suxeitas ao seu ámbito de actuación e facerlles propostas na elaboración de manuais de xestión de riscos; b) Comprobar os sistemas de prevención da corrupción que se poñan en marcha; c) Asesorar sobre os instrumentos normativos máis adecuados para previr e reprimir a corrupción; d) Fomentar na sociedade civil e, particularmente, no ámbito empresarial a transparencia e o comportamento ético nas súas relacións co sector público.

Segundo os artigos 7.3 m) e 10.2 bis da Lei 6/1985, do Consello de Contas corresponde ao Pleno da Institución aprobar o plan anual de traballo cuxa elaboración, de acordo co establecido no artigo 25 do Regulamento de réxime interior, enmarcarase nun plan estratéxico a medio prazo. Pola súa banda, o artigo 26 establece que durante o último trimestre do ano o Consello de Contas elaborará o plan anual de traballo, que integrará o programa de actividades da Sección de Prevención da Corrupción e conterá as actuacións a desenvolver no exercicio seguinte, indicando as razóns que motivan a súa realización e o seu ámbito subxectivo, obxectivo e temporal.

O presente plan inclúe actuacións de fiscalización e de prevención da corrupción para o exercicio 2024, enmarcadas nos obxectivos do novo plan estratéxico do Consello de Contas aprobado o 3 de outubro de 2023 para o período 2023-2028.

CSV: BOPGDSPG-B7FhvGqqY-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: KT2G3MXLZ6HJ4A5QM5XGKR5F4
Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 41

II. PROGRAMA DE FISCALIZACIÓNS

II.1. OBXECTIVOS XERAIS DAS ACTUACIÓNS PROGRAMADAS

O Plan estratéxico do Consello de Contas para o período 2023-2028 recolle entre os seus obxectivos do eixe 1: *promover informes de fiscalización que acheguen información clara, útil e oportuna aos seus destinatarios* e *converter o Consello de Contas nunha institución de referencia no ámbito da fiscalización, integridade das institucións e datos abertos.*

As actuacións recollidas nesta proposta encaixan na planificación a medio prazo da actividade fiscalizadora do Consello de Contas e dan cobertura a estes novos obxectivos incorporados ao plan, potenciando, ademais, a realización de auditorías operativas.

Así mesmo, o Consello continúa a reforzar o ámbito do seguimento das recomendacións da Institución sobre a xestión económico-financeira pública, seguindo os criterios fixados pola Comisión Mixta Consello de Contas-Intervención xeral, así como as resolucións sobre os ditos informes realizadas polo Parlamento de Galicia.

II.2. ACTUACIÓNS PROGRAMADAS

O Plan anual distingue entre as fiscalizacións que se realizan en cumprimento dun mandato legal, as solicitadas polo Parlamento, as previstas en colaboración co Tribunal de Cuentas, e as programadas por iniciativa do Consello de Contas. Coa finalidade de visualizar e dispoñer dunha mellor información sobre o desenvolvemento das actuacións durante o exercicio 2024, e tendo en conta que o proceso de execución das fiscalizacións previstas no plan de traballo se realiza ao longo de varios exercicios, preséntase a programación correspondente ao ano natural, na que se incorporan os informes en execución correspondentes a un plan anterior, clasificados polos diferentes departamentos de fiscalización.

CSV: BOPGDSPG-B7FhvGqqY-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: KT2G3MXLZ6HJ4A5QM5XGKR5F4
Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 41

Cadro 1: Actuacións programadas en fiscalización

Código actuación	Iniciativa	Tipo actuación	Título	Ano de previsión aprobación
Área de Coordinación				
1502023-01	Mandato legal	Financeira-cumprimento	Fiscalización dos Fondos de Compensación Interterritorial. Exercicio 2022	2024
1502023-02	Iniciativa Consello	Financeira-cumprimento	Fiscalización dos Fondos procedentes da Unión Europea. Exercicio 2022	2024
1502024-01	Mandato legal	Financeira-cumprimento	Fiscalización dos Fondos de Compensación Interterritorial. Exercicio 2023	2025
1502024-02	Iniciativa Consello	Financeira-cumprimento	Fiscalización dos Fondos procedentes da Unión Europea. Exercicio 2023	2025
1502024-03	Mandato legal	Financeira-cumprimento	Fiscalización das contabilidades electorais. Eleccións ao Parlamento de Galicia 2024	2025
1502024-04	Colaboración co Tribunal de Cuentas	Cumprimento-operativa	Fiscalización das actuacións da Comunidade Autónoma de Galicia para cumprir os obxectivos do "Programa para a dixitalización do sistema educativo no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia (PRTR)"	2025
1502024-05	Iniciativa Consello	Financeira-cumprimento	Fiscalización da eficacia na execución do financiamento europeo no Proxecto de conservación, protección e fomento do Camiño de Santiago (Marco Operativo 2014-2020). Consellería de Cultura e Turismo	2024
1502024-06	Iniciativa Consello	Financeira	Fiscalización das contas xerais do Parlamento de Galicia	2025
Área de Conta Xeral				
1602023-01	Mandato legal	Financeira-cumprimento	Fiscalización da Conta Xeral da Comunidade Autónoma e declaración definitiva correspondente ao exercicio 2022	2024
1602023-03	Iniciativa Consello	Operativa	Fiscalización operativa do programa de gasto 423B – Prevención do abandono escolar. Exercicios 2015-2021	2024
1602024-01	Mandato legal	Financeira-cumprimento	Fiscalización da Conta Xeral da Comunidade Autónoma e declaración definitiva correspondente ao exercicio 2023	2025
1602024-02	Iniciativa Consello	Operativa	Informe de fiscalización operativa dos incentivos á creación de emprego	2024
1602024-03	Recomendación Parlamento	Operativa	Informe de fiscalización das actuacións para a prevención integral da violencia de xénero na Comunidade Autónoma, 2018-2022	2024
1602024-04	Iniciativa Consello	Cumprimento	Fiscalización do sistema de rendición da información de convenios do sector público autonómico 2022-2023	2024
1602024-05	Iniciativa Consello	Financeira-cumprimento-operativa	Informe de fiscalización sobre a planificación estratéxica da Xunta de Galicia (PEG 2015-2020) e a súa relación cos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma	2025
Área de Institucional				
1632018-04	Recomendación Parlamento	Cumprimento-operativa	Fiscalización das medidas implementadas polas entidades instrumentais da Comunidade Autónoma para favorecer o acceso das pequenas e medianas empresas (PEMES) á contratación pública	2024
1632019-02	Iniciativa Consello	Financeira-cumprimento	Informe de fiscalización sobre as contas anuais das sociedades mercantís autonómicas	2024
1902022-03	Iniciativa Consello	Operativa	Auditoría operativa sobre o modelo de axencias públicas autonómicas	2024
1902022-05	Iniciativa Consello	Operativa	Informe de fiscalización sobre a xestión do saneamento de augas residuais en Galicia	2024
1902023-01	Recomendación Parlamento	Financeira-cumprimento	Informe financeiro das entidades instrumentais autonómicas, exercicio 2022	2024
1902023-02	Iniciativa Consello	Operativa	Auditoría operativa da Sociedade Anónima Xestión do Plan Xacobeo	2024
1902023-03	Recomendación Parlamento	Cumprimento	Fiscalización sobre a existencia e cumprimento de cláusulas sociais na contratación pública das entidades instrumentais da Comunidade Autónoma Galega	2024
1902024-01	Recomendación Parlamento	Financeira-cumprimento	Informe financeiro das entidades instrumentais autonómicas, exercicio 2023	2025

CSV: BOPGDSPG-B7FhvGqqY-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: KT2G3MXLZ6HJ4A5QM5XGKR5F4
Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 7 a 41

Código actuación	Iniciativa	Tipo actuación	Título	Ano de previsión aprobación
1902024-02	Iniciativa Consello	Financeira-cumprimento-operativa	Seguimento das recomendacións incluídas no informe de fiscalización da Universidade de Santiago de Compostela	2025
1902024-03	Iniciativa Consello	Financeira-cumprimento-operativa	Seguimento das recomendacións incluídas no informe de fiscalización da Universidade de A Coruña	2025
1902024-04	Iniciativa Consello	Financeira-cumprimento-operativa	Seguimento das recomendacións incluídas no informe de fiscalización da Universidade de Vigo	2025
1902024-05	Iniciativa Consello	Cumprimento-operativa	Fiscalización da prestación do servizo de produción e transmisión de sinal de directos para a corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A.	2024
1902024-06	Colaboración co Tribunal de Cuentas	Cumprimento-operativa	Informe sobre a promoción e xestión da vivenda protexida na Comunidade Autónoma de Galicia nos exercicios 2022 e 2023	2025
Área do Sergas				
1802022-03	Iniciativa Consello	Financeira-cumprimento-operativa	Fiscalización do contrato de concesión do Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo	2024
1802023-01	Mandato legal	Financeira-cumprimento	Fiscalización da Conta Xeral do Servizo Galego de Saúde, exercicio 2022	2024
1802023-02	Recomendación Parlamento	Operativa	Fiscalización da xestión dos novos medicamentos de terapia avanzada CAR-T. Implantación e impacto financeiro	2024
1802023-03	Iniciativa Consello	Operativa	Fiscalización das actuacións, dos plans, proxectos e programas no ámbito da saúde mental (exercicios 2020-2022)	2024
1802024-01	Mandato legal	Financeira-cumprimento	Fiscalización da Conta Xeral do Servizo Galego de Saúde, exercicio 2023	2025
1802024-02	Iniciativa Consello	Operativa	Auditoría operativa con enfoque avaliador do deseño e implantación do Plan Galego de Hospitalización a Domicilio, estratexia 2019-2023	2024
1802024-03	Iniciativa Consello	Cumprimento-operativa	Fiscalización selectiva do programa de atención primaria da saúde	2024
1802024-04	Recomendación Parlamento	Cumprimento-operativa	Fiscalización do transporte sanitario non urxente do Sergas	2024
1802024-05	Iniciativa Consello	Cumprimento-operativa	Fiscalización do gasto farmacéutico do Sergas	2024
Área de Corporacións Locais				
1702022-03	Iniciativa Consello	Cumprimento	Fiscalización das obrigas de remisión de información das entidades locais de Galicia e avaliación do entorno de control: Control interno, contratos e convenios. Exercicios 2019 e 2020	2024
1702022-04	Iniciativa Consello	Cumprimento	Auditoría dos Controis Básicos de Ciberseguridade das deputacións provinciais de Galicia	2024
1702022-05	Recomendación Parlamento	Cumprimento-operativa	Fiscalización da resposta á crise da Covid-19 polas entidades locais de Galicia. Concellos de gran poboación	2024
1702022-06	Iniciativa Consello	Financeira-cumprimento	Fiscalización das Mancomunidades de Galicia	2024
1702022-07	Iniciativa Consello	Cumprimento-operativa	Análise do custo efectivo dos servizos públicos municipais: Xestión dos sistemas municipais de abastecemento de auga potable e servizo de sumidoiro	2024
1702023-01	Mandato legal	Cumprimento	Informe da Conta Xeral das entidades locais, exercicio 2022	2024
1702023-03	Iniciativa Consello	Cumprimento	Informe de seguimento das recomendacións. Entidades locais	2024
1702023-04	Iniciativa Consello	Cumprimento	Informe único de denuncias: Fiscalización de denuncias recibidas nos exercicios 2021 e 2022. Concello de Valga; Concello de Vila de Cruces; Concello de Cee	2024
1702023-05	Iniciativa Consello	Financeira-cumprimento	Fiscalización das Entidades Locais Menores de Galicia	2024
1702023-06	Iniciativa Consello	Operativa	Fiscalización das medidas de aforro e eficiencia enerxética adoptadas polas entidades locais	2024

CSV: BOPGDSPG-B7FhvGqqY-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: KT2G3MXLZ6HJ4A5QM5XGKR5F4
Corrección: https://conselldecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 8 a 41

Código actuación	Iniciativa	Tipo actuación	Título	Ano de previsión aprobación
1702023-07	Iniciativa Consello	Operativa	Auditoría operativa sobre medidas adoptadas para abordar o reto demográfico nos concellos de menor poboación de Galicia	2024
1702023-08	Iniciativa Consello	Cumprimento-operativa	Auditoría dos Controis Básicos de Ciberseguridade dos concellos de máis de 100.000 habitantes	2024
1702023-09	Iniciativa Consello	Cumprimento	Fiscalización da provisión dos postos de traballo de secretaría-intervención e a cobertura das súas funcións nos concellos de menos de 5.000 habitantes	2024
1702023-12	Iniciativa Consello	Cumprimento	Fiscalización das medidas adoptadas para abordar a crise humanitaria na Ucraína	2024
1702024-01	Mandato legal	Cumprimento	Fiscalización da Conta Xeral das entidades locais de Galicia. Exercicio 2023	2025
1702024-02	Iniciativa Consello	Cumprimento	III Informe único de comunicacións da cidadanía en relación con irregularidades na xestión local	2024
1702024-03	Iniciativa Consello	Cumprimento	Fiscalización das gratificacións por servizos extraordinarios nas entidades locais de Galicia	2024
1702024-04	Iniciativa Consello	Financeira-cumprimento	Fiscalización selectiva de concellos de Galicia. Exercicios 2022 e 2023	2024
1702024-05	Iniciativa Consello	Operativa	Análise da eficiencia das fusións municipais	2025
1702024-06	Colaboración co Tribunal de Cuentas	Cumprimento-operativa	Auditoría do establecemento de zonas de baixas emisións (ZBE) nos concellos de Galicia. Exercicio 2023	2024
1702024-07	Iniciativa Consello	Cumprimento-operativa	Auditoría das medidas adoptadas polas entidades locais de Galicia para reducir a temporalidade no emprego público	2024
1702024-08	Iniciativa Consello	Operativa	Auditoría operativa da implementación do Obxectivo de desenvolvemento sostible 10 nas entidades locais de Galicia: o servizo de axuda no fogar	2025
1702024-09	Iniciativa Consello	Cumprimento-operativa	Auditoría dos Controis Básicos de Ciberseguridade dos concellos de Santiago de Compostela, Lugo, Pontevedra e Ferrol	2025
1702024-10	Iniciativa Consello	Cumprimento	Fiscalización das obrigas de remisión de información das entidades locais de Galicia e avaliación do entorno de control: Control interno, contratos e convenios	2024

A continuación descríbese brevemente o contido das novas actuacións incorporadas neste exercicio:

II.2.1. ÁREA DE COORDINACIÓN XERAL

II.2.1.1. FISCALIZACIÓN DOS FONDOS DE COMPENSACIÓN INTERTERRITORIAL, EXERCICIO 2023 [1502024-01]

Descrición

Trátase dunha fiscalización recorrente de periodicidade anual que consiste en levar a cabo o control de todos os proxectos xestionados pola Comunidade Autónoma de Galicia que conten con financiamento dos Fondos de Compensación Interterritorial, tramitados durante o exercicio 2023. Tamén se fiscalizarán os proxectos con orixe en exercicios anteriores avaliándose o seu seguimento.

Motivación:

Esta fiscalización cumpre a esixencia imposta pola Lei 22/2001, reguladora dos Fondos de Compensación Interterritorial (en adiante FFCI), que establece a obriga para o Consello de Contas de Galicia de elaborar un informe separado e suficiente de todos os proxectos financiados con cargo aos FFCI, para sometelo ao control do Parlamento de Galicia.

CSV: BOPGDSPG-B7FhvGqqY-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: KT2G3MXLZ6HJ4A5QM5XGKR5F4
Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 9 a 41

Ámbito:

O ámbito obxectivo comprende tódolos proxectos que teñen financiamento dos FFCI no exercicio 2023 e exercicios anteriores por actuacións pendentes de remate.

O ámbito subxectivo está constituído polas entidades públicas xestoras de actuacións financiadas ou cofinanciadas cos FFCI durante o exercicio 2023. Así mesmo, realizaranse probas de control ás entidades que xestionaron proxectos financiados ou cofinanciados cos FFCI con orixe en exercicios anteriores, para efectuar o seguimento das actuacións pendentes de execución.

O ámbito temporal abranguerá o exercicio 2023.

Obxectivos:

A fiscalización terá como obxectivos principais:

1. A comprobación da legalidade e regularidade das operacións.
2. A determinación dos índices de execución dos proxectos financiados ou cofinanciados polos FFCI durante o exercicio 2023.

II.2.1.2 FISCALIZACIÓN DOS FONDOS PROCEDENTES DA UNIÓN EUROPEA. EXERCICIO 2023 [1502024-02]

Descrición:

Trátase dunha fiscalización recorrente, de periodicidade anual. O traballo realizarase a partir das bases de datos da Conta Xeral da Comunidade Autónoma, do Sistema de información de xestión unificada e mecanizada da contabilidade (XUMCO), e dos Rexistros contables das entidades que conten con proxectos dotados de cofinanciamento de Fondos Europeos.

Motivación:

Sen prexuízo das competencias do Tribunal de Cuentas Europeo, a fiscalización dos Fondos Europeos polo Consello de Contas vén motivada pola relevancia, tanto cuantitativa como cualitativa, que os seus programas de gastos e os seus recursos teñen nos orzamentos xerais da comunidade autónoma.

Ámbito:

O ámbito obxectivo comprende a todos os proxectos que teñan financiamento dos Fondos europeos no exercicio 2023 e exercicios anteriores. Efectuarase unha análise do grao de execución dos fondos no escenario plurianual vinculado aos diferentes programas operativos.

CSV: BOPGDSPG-B7FhvGqqY-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
Cod. Validación: KT2G3MXLZ6HJ4A5QM5XGKR5F4
Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 10 a 41

O ámbito subxectivo está constituído polas entidades públicas xestoras de actuacións financiadas ou cofinanciadas con fondos procedentes da Unión Europea durante o exercicio 2023 e con orixe en exercicios anteriores.

O ámbito temporal abranguerá o exercicio 2023.

Obxectivos:

A fiscalización terá como obxectivos principais:

1. A análise das contas da base de datos da Conta Xeral da Comunidade Autónoma do exercicio 2023 que contan con financiamento dos fondos europeos, o exame da súa execución e a eficacia no emprego dos recursos europeos medida en termos de execución orzamentaria.
2. A determinación dos índices de execución dos proxectos financiados ou cofinanciados polos fondos procedentes da Unión Europea durante o exercicio 2023.
3. A análise do destino final dos fondos europeos sobre a base de datos do XUMCO, identificando os beneficiarios dos fondos e avaliando a súa xestión e execución.

II.2.1.3 FISCALIZACIÓN DAS CONTABILIDADES ELECTORAIS. ELECCIÓNS AO PARLAMENTO DE GALICIA 2024 [1502024-03]

Descrición:

A Lei 9/2015, do 7 de agosto, de financiamento das formacións políticas e das fundacións e entidades vinculadas ou dependentes delas, atribúe ao Consello de Contas de Galicia a función fiscalizadora de comprobación da regularidade das contabilidades electorais no seu ámbito de competencias, así como a fiscalización do cumprimento dos requisitos que esixe o artigo 17 da mesma norma ás formacións políticas beneficiarias das subvencións para gastos electorais. Trátase dunha fiscalización recorrente, que se leva a cabo con motivo da celebración das eleccións ao Parlamento de Galicia

Motivación:

Esta fiscalización cumpre a esixencia imposta polo artigo 22 da Lei 9/2015, do 7 de agosto, de financiamento das formacións políticas e das fundacións e entidades vinculadas ou dependentes delas, (DOG núm.165, do 31 de agosto de 2015).

Ámbito:

O ámbito obxectivo serán as subvencións outorgadas ás formacións políticas con representación no Parlamento de Galicia. O ámbito subxectivo está constituído polas formacións políticas que obtiveron representación no Parlamento de Galicia e o ámbito temporal da fiscalización abranguerá o exercicio 2024.

CSV: BOPGDSPG-B7FhvGqqY-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: KT2G3MXLZ6HJ4A5QM5XGKR5F4
Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 11 a 41

Obxectivos:

A fiscalización terá como obxectivos principais:

1. Comprobar o cumprimento da legalidade aplicable en materia de financiamento asociado aos ingresos e gastos electorais das eleccións autonómicas de 2024.
2. Asegurar a representatividade da contabilidade electoral rendida.
3. Verificar o grao de xustificación documental dos rexistros contables.
4. Realizar un pronunciamento expreso sobre a adxudicación ou non adxudicación das subvencións electorais.

II.2.1.4. FISCALIZACIÓN DAS ACTUACIÓNS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA PARA CUMPRIR OS OBXECTIVOS DO "PROGRAMA PARA A DIXITALIZACIÓN DO SISTEMA EDUCATIVO NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA (PRTR)" [1502024-04]

Descrición:

Na actuación comprobarase o cumprimento das obrigas e condicións asociadas ao *Programa para a dixitalización do sistema educativo no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia* (Acordo da Conferencia Sectorial de Educación do 21.06.21). Así mesmo, efectuaranse comprobacións respecto dos procedementos empregados para determinar as necesidades tanto do alumnado coma dos centros, os criterios de reparto aplicados, o adecuado control do equipamento financiado a través do Programa, a xestión e canalización dos fondos europeos, o establecemento de prazos concretos para a execución dos proxectos e finalmente os procedementos seguidos para aportar a información pertinente de seguimento e control.

Motivación:

Esta actuación supón dar un primeiro paso en común na fiscalización da execución dos fondos Next Generation.

Os condicionantes que se tiveron en conta na selección das materias a fiscalizar foron, por un lado, o calendario de implementación do PRTR e, por outro, a falta de información sobre o grao de implementación dos distintos sub-proxectos no conxunto das CCAA.

Os criterios de selección de potenciais materias a fiscalizar foron, entre outros, un ámbito obxectivo focalizado nunha actuación ou sub-proxecto específico do PRTR que tivera definidos obxectivos a cumprir antes do cuarto trimestre de 2023 e unha asignación orzamentaria significativa.

CSV: BOPGDSPG-B7FhvGqqY-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: KT2G3MXLZ6HJ4A5QM5XGKR5F4
Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 12 a 41

Ámbito:

O ámbito obxectivo está formado polas actuacións encamiñadas ao cumprimento do "Programa para a dixitalización do sistema educativo", con comprobacións específicas sobre a planificación das actuacións; execución, seguimento e control; cumprimento dos obxectivos intermedios e factores condicionantes da efectividade do Programa.

A revisión abarcará as tres actuacións do Programa (dotación de dispositivos portátiles, instalación e mantemento de aulas dixitais e capacitación técnica do profesorado).

O ámbito subxectivo estará constituído pola entidade executora (consellería responsable da área de educación) e as entidades dependentes da mesma e o ámbito temporal abarcará dende o 1 de xaneiro de 2021 ao 31 de marzo do 2024, sen prexuízo do exame de operacións e datos de exercicios anteriores e posteriores na medida que se considere necesario para o mellor cumprimento dos obxectivos da fiscalización.

Obxectivos:

O obxectivo xeral da fiscalización centrarase en avaliar como a Comunidade Autónoma de Galicia está implementando o "Programa para a dixitalización do sistema educativo".

II.2.1.5 FISCALIZACIÓN DA EFICACIA NA EXECUCIÓN DO FINANCIAMENTO EUROPEO NO PROXECTO DE CONSERVACIÓN, PROTECCIÓN E FOMENTO DO CAMIÑO DE SANTIAGO (MARCO OPERATIVO 2014-2020). CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO [1502024-05]

Descrición:

Trátase dunha fiscalización específica dun proxecto europeo que ten relación co Ano Santo Xacobeo 2021-2022. Supón unha reprogramación da actuación 1502023-03 do Plan anual de traballo de 2023 para estender o ámbito temporal da fiscalización ata o exercicio 2022. O traballo levarase a cabo a partir das bases de datos da Conta Xeral da Comunidade Autónoma, nas que se reflicta a execución do proxecto, para realizar a análise da súa execución orzamentaria.

Motivación:

A relevancia económica e social do sector do turismo e a súa cadea de valor, así como o carácter estratéxico que ten na economía de Galicia pola singularidade e riqueza do patrimonio cultural, artístico e o medio ambiente natural motiva a formulación desta fiscalización.

O proxecto ten relación cun órgano xestor que presenta os menores rateos de execución orzamentaria dos fondos europeos

A fiscalización da execución deste proxecto permitirá afondar na análise da eficacia no emprego dos recursos procedentes do financiamento europeo.

CSV: BOPGDSPG-B7FhvGqqY-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: KT2G3MXLZ6HJ4A5QM5XGKR5F4
Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 13 a 41

Ámbito:

O ámbito obxectivo correspóndese coa execución dos Fondos Europeos que cofinancian o proxecto de conservación, protección e fomento do Camiño de Santiago nº 2015000069, vinculado ao Programa Operativo do FEDER 2014-2020.

O ámbito subxectivo está constituído polas entidades xestoras das actuacións realizadas como consecuencia da execución do proxecto de conservación, protección e fomento do Camiño de Santiago, pertencentes á Comunidade Autónoma de Galicia e a o sector público autonómico. A partir do ano 2021, Vicepresidencia Primeira, Consellería de Presidencia Xustiza e Turismo e Axencia Galega de Turismo.
O ámbito temporal abrangue as actuacións desenvolvidas durante os exercicios 2015 a 2022.

Obxectivos:

Os obxectivos principais da fiscalización son os seguintes:

1. Comprobar se as contas correspondentes á execución do financiamento europeo do proxecto presentan unha información completa das operacións levadas a cabo nos exercicios comprendidos no alcance, verificando a súa execución orzamentaria.
2. Determinar os índices de execución orzamentaria do proxecto.
3. Comparar a execución dos fondos europeos en relación coa execución total dos orzamentos xerais da consellería xestora durante os exercicios comprendidos no alcance.
4. Avaliar o cumprimento dos indicadores previstos no Plan Director e Estratéxico do Camiño de Santiago 2015-2022.

II.2.1.6 FISCALIZACIÓN DAS CONTAS XERAIS DO PARLAMENTO DE GALICIA [1502024-06]

Descrición:

Realizarase unha fiscalización que permita afondar na transparencia das contas remitidas ao Consello de Contas polo Parlamento de Galicia para coñecemento xeral da cidadanía e demais axentes interesados no coñecemento do funcionamento do sector público.

Con este obxectivo empregarase unha linguaxe inclusiva que permita o coñecemento xeral pola cidadanía dos resultados.

Neste senso e para o desenvolvemento do traballo, o Parlamento remitirá as súas contas xerais ao Consello de Contas.

CSV: BOPGDSPG-B7FhvGqqY-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: KT2G3MXLZ6HJ4A5QM5XGKR5F4
Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 14 a 41

Motivación:

Esta actuación supón dar un primeiro paso en común por parte do Parlamento de Galicia e do Consello de Contas de Galicia na fiscalización dos documentos xurídico-contables xerados polo desenvolvemento da súa actividade.

Ademais é unha forma de amosar á cidadanía, a colaboración permanente entre as institucións do ámbito autonómico.

Os condicionantes son o de ser a primeira vez que se vai desenvolver un traballo neste sector autonómico o que implica que os obxectivos do traballo sexan limitados, iniciando así unha senda de colaboración que dea paso a outras futuras posibles actuacións de carácter mais específico.

Por outra banda deben terse en conta as limitacións existentes na fiscalización debido á singularidade das funcións desenvolvidas polo órgano fiscalizado en relación coa súa autonomía de xestión, o que condicionará de forma importante os obxectivos finais do traballo, pretendendo en todo caso, salvagardar a labor divulgativa deste traballo.

Ámbito:

O ámbito obxectivo serán as contas xerais do Parlamento de Galicia, exercicio contable 2023. O ámbito subxectivo estará constituído polo Parlamento de Galicia, estritamente considerado e o ámbito temporal abarcará o exercicio contable de 2023, sen prexuízo do exame de operacións e datos de exercicios anteriores e posteriores na medida que se considere necesario para o mellor cumprimento dos obxectivos da fiscalización.

Obxectivos:

O obxectivo xeral da fiscalización centrarase en avaliar as contas xerais do Parlamento de Galicia respectando en todo caso, a súa singularidade funcional, así como a súa autonomía organizativa e de xestión.

II.2.2. ÁREA DE CONTA XERAL

II.2.2.1. FISCALIZACIÓN DA CONTA XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA E DECLARACIÓN DEFINITIVA CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2023 [1602024-01]

Descrición:

O informe ten a finalidade de recoller os resultados da fiscalización da Conta da Administración xeral correspondente ao exercicio 2023 e integrar os principais resultados das magnitudes consolidadas do sector público autonómico que sustentan a declaración definitiva da Conta Xeral da Comunidade Autónoma que se incorpora neste informe.

CSV: BOPGDSPG-B7FhvGqqY-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: KT2G3MXLZ6HJ4A5QM5XGKR5F4
Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 15 a 41

A partir da análise que vén sendo recorrente, neste exercicio incidirase na revisión conxunta, integrada neste informe, de áreas comúns abordadas nos distintos informes de fiscalización que forman a Conta Xeral; tamén nos aspectos solicitados polo Tribunal de Cuentas para a formación do informe global do sector público autonómico; e, por último, na orientación cara a óptica da eficacia da análise económico-financeira dalgunha área de gasto relevante e na preparación da Comunidade Autónoma para a implantación, control e seguimento dos obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS).

Motivación:

O artigo 25 da Lei 6/1985, do Consello de Contas, sinala que "O Consello de Contas, por delegación do Parlamento de Galicia, procederá ao exame e comprobación da Conta Xeral da Comunidade Autónoma dentro do prazo de 6 meses, a partir da data na que se rendera. O Pleno ditará a declaración definitiva que lle mereza para elevala ao Parlamento...".

Ámbito:

O ámbito obxectivo será a área económico-financeira, o ámbito subxectivo está constituído polo sector público autonómico de Galicia e o ámbito temporal abranguerá o exercicio 2023.

Obxectivos

Os obxectivos da actuación son os seguintes:

1. Verificar se a Conta Xeral da Comunidade Autónoma correspondente ao exercicio 2023, fiscalizada co alcance descrito no informe, reflicte razoablemente en todos os aspectos significativos a actividade económico-financeira desenvolvida no exercicio, de acordo co marco normativo da información financeira que resulta de aplicación.
2. Ofrecer a información necesaria para interpretar correctamente a situación financeira da Administración, completando o contido das contas nos casos nos que se estime necesario.

II.2.2.2. INFORME DE FISCALIZACIÓN OPERATIVA DOS INCENTIVOS Á CREACIÓN DE EMPREGO [1602024-02]

Descrición:

O informe analizará os dous programas orzamentarios que dan soporte ao conxunto de incentivos en materia de fomento da empregabilidade e promoción do emprego:

- O programa *322A Mellora e fomento da empregabilidade,* que ten por obxecto mellorar as posibilidades de acceso ao emprego das persoas desempregadas, por conta propia ou allea.
- O programa *322C Promoción do emprego, do emprego autónomo e do mercado de traballo inclusivo,* que ten como finalidade principal intervir na creación de emprego a través,

CSV: BOPGDSPG-B7FhvGqqY-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: KT2G3MXLZ6HJ4A5QM5XGKR5F4
Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 16 a 41

principalmente, de incentivos aos principais actores nese proceso de creación de emprego: as persoas empresarias e emprendedoras, incluíndo partidas específicas para fomentar a xeración de emprego das mulleres, das persoas mozas, das persoas retornadas e das estranxeiras, das persoas desempregadas con especiais dificultades de inserción no mercado laboral, das persoas con discapacidade e das persoas en risco de vulnerabilidade.

Motivación:

As políticas públicas de emprego desenvólvense nos últimos anos nun contexto de alto nivel de desemprego e unha elevada taxa de temporalidade.

Neste contexto, as Administracións actuaron cunha ampla variedade de incentivos dirixidos a distintos destinatarios e con dous obxectivos básicos: mellorar a empregabilidade de determinados grupos de poboación e promover determinados tipos de emprego, fundamentalmente a contratación indefinida e o emprego autónomo.

Ámbito:

O ámbito obxectivo serán os programas orzamentarios de gasto 322A Mellora e fomento da empregabilidade e 322C Promoción do emprego, do emprego autónomo e do mercado de traballo inclusivo.

O ámbito subxectivo está constituído pola Consellería de Emprego e Igualdade e o ámbito temporal abranguerá os exercicios 2018 a 2022.

Obxectivos:

Os obxectivos concretos da fiscalización, formulados en termos de preguntas de auditoría operativa, son os seguintes:

Obxectivo 1. Avaliación de deseño e procedementos. Trátase de avaliar a adecuación dos obxectivos dos incentivos, os beneficiarios e destinatarios últimos, os procedementos de detección de necesidades e de seguimento, entre outros, en función dos criterios de relevancia, pertinencia, coherencia interna e externa, eficiencia, eficacia e equidade.

Obxectivo 2. Avaliación da eficacia: Os incentivos aumentan a probabilidade de atopar traballo/emprender unha actividade dos individuos aos que se dirixen?; ou axudan a que os beneficiarios manteñan o seu emprego?

CSV: BOPGDSPG-B7FhvGqqY-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: KT2G3MXLZ6HJ4A5QM5XGKR5F4
Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 17 a 41

II.2.2.3. INFORME DE FISCALIZACIÓN DAS ACTUACIÓNS PARA A PREVENCIÓN INTEGRAL DA VIOLENCIA DE XÉNERO NA COMUNIDADE AUTÓNOMA, 2018-2022 [1602024-03]

Descrición:

O Pacto de Estado contra a violencia de xénero ten o propósito de coordinar as actuacións da Administración xeral do Estado en colaboración coas comunidades autónomas e entidades locais, contribuíndo á equidade e equilibrio interterritorial da prestación de servizos. Para isto, a financiación estatal debe ser suficiente e estable.

A dotación económica deste programa está destinada a previr e abordar a violencia de xénero e garantir a asistencia e protección ás vítimas con actuacións de carácter integral.

Motivación:

O informe levarase a cabo por iniciativa do Parlamento de Galicia, que na súa sesión do día 13 de abril de 2023 adoptou o acordo de recomendar ao Consello de Contas presentar un informe de fiscalización sobre o destino dos fondos do Pacto de Estado contra a violencia de xénero recibidos pola Comunidade Autónoma de Galicia no período 2018 a 2022.

Ámbito:

O ámbito obxectivo será o Pacto de Estado contra a violencia de xénero, o ámbito subxectivo estará constituído pola Secretaría Xeral de Igualdade, da Consellería de Emprego e Igualdade encargada da execución do programa orzamentario autonómico 313D Protección e apoio ás mulleres que sofren violencia de xénero.

O ámbito temporal abranguerá os exercicios 2018 a 2022.

Obxectivos:

O obxectivo da fiscalización céntrase en dar resposta á cuestión de se están funcionando as medidas do Pacto de Estado contra a violencia de xénero, conforme coas previsións e cos criterios de bo goberno. Os obxectivos específicos son os seguintes:

1. Verificar se os sistemas e procedementos de xestión para a execución das medidas son adecuados e coherentes cos recursos asignados.
2. Avaliar a eficacia e eficiencia das actuacións desenvolvidas, considerando o impacto da pandemia da Covid-19 no cumprimento das previsións.

CSV: BOPGDSPG-B7FhvGqqY-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: KT2G3MXLZ6HJ4A5QM5XGKR5F4
Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 18 a 41

II.2.2.4. FISCALIZACIÓN DO SISTEMA DE RENDICIÓN DA INFORMACIÓN DE CONVENIOS DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO 2022-2023 [1602024-04]

Descrición:

Verificarase se no sector público autonómico se cumpre co establecido no artigo 53 da Lei 40/2015, do réxime xurídico do sector público e na Instrución relativa á remisión telemática dos convenios formalizados polas entidades do sector público de Galicia e da relación anual daqueles, de 12 de abril de 2021.

Motivación:

A actuación está motivada pola necesidade de verificar o cumprimento da obriga de remisión da información de convenios polas entidades do sector público autonómico de Galicia.

Ámbito:

O ámbito obxectivo será a información rendida en materia de convenios. O ámbito subxectivo está constituído polo sector público autonómico de Galicia e o ámbito temporal abranguerá os exercicios 2022 e 2023.

Obxectivos:

A análise do Consello centrarase na verificación da adecuada formalización e rexistro dos convenios. Tamén se verificará o cumprimento da obriga de comunicación ao Consello de Contas, no ámbito da Lei de réxime xurídico do sector público e demais normativa de aplicación.

II.2.2.5. INFORME DE FISCALIZACIÓN SOBRE A PLANIFICACIÓN ESTRATÉXICA DA XUNTA DE GALICIA (PEG 2015-2020) E A SÚA RELACIÓN COS ORZAMENTOS XERAIS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA [1602024-05]

Descrición:

O alcance desta fiscalización céntrase na análise –cun enfoque de avaliación de políticas públicas– dos seguintes aspectos:

- O deseño do *Plan Estratéxico de Galicia (PEG) 2015–2020*, a fixación dos seus obxectivos estratéxicos, prioridades e liñas de actuación; o seu seguimento e avaliación.
- A análise do proceso orzamentario polo cal se vinculan os recursos dos programas de gasto aos obxectivos da planificación estratéxica, a través dos plans operativos.

Motivación:

A planificación estratéxica e o orzamento son compoñentes integrados da xestión orientada a resultados. Mentres que os Plans estratéxicos sinalan a orientación vinculada ás accións de Goberno,

CSV: BOPGDSPG-B7FhvGqqY-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: KT2G3MXLZ6HJ4A5QM5XGKR5F4
Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 19 a 41

o orzamento facilita os recursos necesarios para poder implantar ditos Plans.

Neste senso, a Xunta de Galicia vén empregando a planificación estratéxica a través da elaboración dos Plans Estratéxicos de Galicia de carácter quinquenal, e que serven de base para a elaboración dos orzamentos anuais da Comunidade Autónoma.

Ámbito:

O ámbito obxectivo será o *Plan Estratéxico de Galicia (PEG) 2015–2020.* O ámbito subxectivo está constituído pola Consellería de Facenda e Función Pública e o ámbito temporal abranguerá os exercicios 2015 a 2020.

Obxectivos:

Os obxectivos xerais da fiscalización, son os seguintes:

1. Verificar o ciclo da planificación estratéxica desenvolvida no *Plan Estratéxico de Galicia (PEG) 2015–2020*, elaboración, seguimento e avaliación.
2. Verificar a conexión da planificación estratéxica (obxectivos estratéxicos, prioridades e liñas de actuación) co proceso orzamentario de asignación de recursos a programas de gasto.
3. Comprobar en que medida os resultados da planificación estratéxica e do proceso orzamentario poden servir para a avaliación das políticas públicas desenvolvidas.

II.2.3. ÁREA DE INSTITUCIONAL

II.2.3.1. INFORME FINANCEIRO DAS ENTIDADES INSTRUMENTAIS AUTONÓMICAS, EXERCICIO 2023 [1902024-01]

Descrición:

O Consello de Contas elabora anualmente un informe sobre a actividade económico-financeira das entidades dependentes da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia que serve de base para a emisión da declaración definitiva sobre a Conta Xeral da Comunidade.

Motivación:

O Parlamento de Galicia insta de xeito recorrente ao Consello de Contas a manter o carácter periódico deste traballo.

Ámbito:

O ámbito obxectivo é a actividade financeira das entidades instrumentais. O ámbito subxectivo está constituído polo conxunto de entidades dependentes da Xunta de Galicia e o ámbito temporal abranguerá o exercicio 2023.

CSV: BOPGDSPG-B7FhvGqqY-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: KT2G3MXLZ6HJ4A5QM5XGKR5F4
Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 20 a 41

Obxectivos:

Os obxectivos serán:

1. Analizar a situación económica do sector público instrumental da Xunta de Galicia.
2. Delimitar a composición e evolución das entidades dependentes.
3. Avaliar a transparencia e calidade da información financeira.
4. Analizar a situación económica e orzamentaria.
5. Identificar os principais riscos e incertezas que afectan á sustentabilidade orzamentaria.

II.2.3.2. SEGUIMENTO DAS RECOMENDACIÓNS INCLUÍDAS NO INFORME DE FISCALIZACIÓN DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA [1902024-02]

Descrición:

Trátase dun informe de seguimento das recomendacións incluídas no informe de fiscalización da Universidade de Santiago de Compostela.

Motivación:

No exercicio 2021 publicouse o informe de fiscalización das universidades públicas galegas no que se realizaban un conxunto de recomendacións e propostas de mellora da xestión. No momento actual cómpre efectuar o seguimento destas recomendacións para coñecer o seu grao de aceptación e aplicación e as medidas implantadas.

Ámbito:

O ámbito obxectivo serán as recomendacións incluídas no informe de fiscalización. O ámbito subxectivo está constituído pola Universidade de Santiago de Compostela e as súas entidades dependentes e o ámbito temporal abranguerá o seguimento das recomendacións dende o momento en que foron propostas (2021) ata a data de peche dos traballos de revisión do seu cumprimento (previsión 2024).

Obxectivos:

O obxectivo do informe é comprobar o grao de seguimento das recomendacións formuladas e avaliar as medidas implantadas pola Universidade de Santiago de Compostela en cumprimento das propostas de mellora realizadas polo Consello de Contas.

CSV: BOPGDSPG-B7FhvGqqY-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: KT2G3MXLZ6HJ4A5QM5XGKR5F4
Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 21 a 41

II.2.3.3. SEGUIMENTO DAS RECOMENDACIÓNS INCLUÍDAS NO INFORME DE FISCALIZACIÓN DA UNIVERSIDADE DE A CORUÑA [1902024-03]

Descrición:

Trátase dun informe de seguimento das recomendacións incluídas no informe de fiscalización da Universidade de A Coruña.

Motivación:

No exercicio 2021 publicouse o informe de fiscalización das universidades públicas galegas no que se realizaban un conxunto de recomendacións e propostas de mellora da xestión. No momento actual cómpre efectuar o seguimento destas recomendacións para coñecer o seu grao de aceptación e aplicación e as medidas implantadas.

Ámbito:

O ámbito obxectivo serán as recomendacións incluídas no informe de fiscalización. O ámbito subxectivo está constituído pola Universidade de A Coruña e as súas entidades dependentes e o ámbito temporal abranguerá o seguimento das recomendacións dende o momento en que foron propostas (2021) ata a data de peche dos traballos de revisión do seu cumprimento (previsión 2024).

Obxectivos:

O obxectivo do informe é comprobar o grao de seguimento das recomendacións formuladas e avaliar as medidas implantadas pola Universidade de A Coruña en cumprimento das propostas de mellora realizadas polo Consello de Contas.

II.2.3.4. SEGUIMENTO DAS RECOMENDACIÓNS INCLUÍDAS NO INFORME DE FISCALIZACIÓN DA UNIVERSIDADE DE VIGO [1902024-04]

Descrición:

Trátase dun informe de seguimento das recomendacións incluídas no informe de fiscalización da Universidade de Vigo.

Motivación:

No exercicio 2021 publicouse o informe de fiscalización das universidades públicas galegas no que se realizaban un conxunto de recomendacións e propostas de mellora da xestión. No momento actual cómpre efectuar o seguimento destas recomendacións para coñecer o seu grao de aceptación e aplicación e as medidas implantadas.

CSV: BOPGDSPG-B7FhvGqqY-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: KT2G3MXLZ6HJ4A5QM5XGKR5F4
Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 22 a 41

Ámbito:

O ámbito obxectivo serán as recomendacións incluídas no informe de fiscalización. O ámbito subxectivo está constituído pola Universidade de Vigo e as súas entidades dependentes e o ámbito temporal abranguerá o seguimento das recomendacións dende o momento en que foron propostas (2021) ata a data de peche dos traballos de revisión do seu cumprimento (previsión 2024).

Obxectivos:

O obxectivo do informe é comprobar o grao de seguimento das recomendacións formuladas e avaliar as medidas implantadas pola Universidade de Vigo en cumprimento das propostas de mellora realizadas polo Consello de Contas.

II.2.3.5. FISCALIZACIÓN DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE PRODUCIÓN E TRANSMISIÓN DE SINAL DE DIRECTOS PARA A CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA, S.A. [1902024-05]

Descrición:

A actuación consistirá na fiscalización do servizo de produción e transmisión de sinal de directos para a CRTVG, S.A.

Motivación:

O Pleno do Consello de Contas acordou incluír no Plan Anual de Traballo unha actuación para fiscalizar os feitos comunicados en relación coa prestación do servizo de produción e transmisión de sinal de directos para a CRTVG, S.A. A importancia da actuación tamén vén determinada porque se focaliza o control na fase de execución dos contratos na que existe menor transparencia e á que tradicionalmente se lle prestou menor atención. Abórdase así o risco de que non se dea un axeitado cumprimento nesa fase ás cláusulas contractuais que se tiveron en conta na adxudicación.

Ámbito:

O ámbito obxectivo é o servizo de produción e transmisión de sinal de directos. O ámbito subxectivo está constituído pola corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A. e o ámbito temporal abranguerá o período de execución dos últimos contratos licitados incluída, no seu caso, a revisión dos feitos anteriores e posteriores necesarios para o cumprimento dos obxectivos.

Obxectivos:

A actuación pretende responder ás seguintes preguntas:

1. A contratación da CRTVG respectou a normativa que lle resulta de aplicación e, en particular, é conforme a dereito a externalización do servizo?

CSV: BOPGDSPG-B7FhvGqqY-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: KT2G3MXLZ6HJ4A5QM5XGKR5F4
Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 23 a 41

2. Cumpríronse as condicións de execución do contrato?
3. O servizo se está a prestar de xeito eficiente e, en particular, é a súa externalización máis rendible que a realización con medios propios?
4. É racional, dende unha perspectiva económica, a configuración actual do servizo ou existen posibilidades de aforro económico?

II.2.3.6. INFORME SOBRE A PROMOCIÓN E XESTIÓN DE VIVENDA PROTEXIDA NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA NOS EXERCICIOS 2022 E 2023 [1902024-06]

Descrición:

O informe analizará a promoción e xestión da vivenda protexida na Comunidade Autónoma de Galicia nos exercicios 2022 e 2023.

Motivación:

A actuación vén motivada pola importancia social da materia fiscalizada. Unha das principais preocupacións dos españois, de acordo co barómetro do CIS, é a vivenda. Ademais, o dereito a vivenda está recoñecido na Constitución e os poderes públicos asumen o deber de promover as condicións necesarias para facelo efectivo.

Ámbito:

O ámbito obxectivo son as actuacións de xestión e control sobre o inventario de vivendas. O ámbito subxectivo está constituído polo Instituto Galego da Vivenda e Solo e o ámbito temporal abranguerá os exercicios 2022 e 2023, sen prexuízo da análise das actuacións anteriores e posteriores cando sexa necesario.

Obxectivos:

Os obxectivos desta actuación serán:

1. A análise da planificación das actuacións.
2. A análise do control e a xestión das vivendas protexidas de promoción pública e privada.
3. A realización das comprobacións relativas á xestión das adxudicacións de vivenda protexida.
4. A análise de eficacia das medidas: comparación da inscrición do rexistro de demandantes de vivendas con vivendas dispoñibles e outros indicadores.

CSV: BOPGDSPG-B7FhvGqqY-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: KT2G3MXLZ6HJ4A5QM5XGKR5F4
Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 24 a 41

II.2.4. ÁREA DO SERGAS

II.2.4.1. FISCALIZACIÓN DA CONTA XERAL DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE, EXERCICIO 2023 [1802024-01]

Descrición:

O informe fai unha análise do sistema de saúde, da súa actividade económico- financeira e incorpora unha revisión das principais áreas de xestión do Servizo Galego de Saúde.

As actuacións fiscalizadoras céntranse na execución do orzamento consolidado de ingresos e gastos coa finalidade de determinar a situación económico-financeira do sistema público de saúde. Son obxecto de especial verificación as modificacións orzamentarias e as obrigas pendentes de recoñecer ao fin do exercicio.

Motivación:

Trátase dun informe recorrente que analiza a Conta do Servizo Galego de Saúde e que se integra nos informes que conforman a declaración e informe do Sector Público da Comunidade Autónoma.

Ámbito:

O ámbito obxectivo é a Conta Xeral do Servizo Galego de Saúde. O ámbito subxectivo está constituído polo Servizo Galego de Saúde e os seus entes dependentes e o ámbito temporal abranguerá o exercicio 2023.

Obxectivos:

O obxectivo será verificar se a Conta Xeral do Servizo Galego de Saúde reflicte razoablemente en todos os aspectos significativos a actividade económico-financeira desenvolvida no exercicio, de acordo co marco normativo de aplicación.

II.2.4.2. AUDITORÍA OPERATIVA CON ENFOQUE AVALIADOR DO DESEÑO E IMPLANTACIÓN DO PLAN GALEGO DE HOSPITALIZACIÓN A DOMICILIO, ESTRATEXIA 2019-2023 [1802024-02]

Descrición:

Nesta actuación avalíanse os modelos de servizos sanitarios como alternativas á hospitalización tradicional e que permitan un papel activo do paciente na xestión da súa enfermidade, acercando os servizos hospitalarios ao domicilio do paciente de maneira efectiva. A auditoría ten dous enfoques: un vencellado á avaliación de políticas públicas no que se analizará o deseño, implementación e coherencia interna do Plan; e outro enfoque estritamente operativo no que se analizará a eficacia no cumprimento dos obxectivos previstos e a eficiencia na asignación dos recursos.

CSV: BOPGDSPG-B7FhvGqqY-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: KT2G3MXLZ6HJ4A5QM5XGKR5F4
Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 25 a 41

Motivación:

Esta actuación atopa a súa xustificación na importancia de implantar modelos transformadores dos servizos sanitarios como alternativas á hospitalización tradicional e que permitan un papel activo do paciente na xestión da súa enfermidade, acercando os servizos hospitalarios ao domicilio do paciente de maneira efectiva. A transcendencia desta medida motiva a necesidade de avaliar as actuacións desenvoltas neste eido polo Sergas.

Ámbito:

O ámbito obxectivo comprende o modelo organizativo de xestión do Plan Galego de Hospitalización a Domicilio, estratexia 2019-2023, desde unha dobre perspectiva: un enfoque avaliador da política pública e de auditoría operativa. O ámbito subxectivo está constituído polo Servizo Galego de Saúde e o ámbito temporal abranguerá os exercicios 2019 a 2023.

Obxectivos:

Os obxectivos son:

1. Estudo do Plan Galego de Hospitalización, estratexia HADO 2019-2023.
2. Avaliación do deseño, implementación e coherencia interna do Plan.
3. Análise dos obxectivos e dos indicadores asociados.
4. Análise da eficacia e eficiencia. Equidade do servizo.
5. Asignación de recursos. Estudo comparativo.

II.2.4.3. FISCALIZACIÓN SELECTIVA DO PROGRAMA DE ATENCIÓN PRIMARIA DA SAÚDE [1802024-03]

Descrición:

Nesta auditoría revisaranse aspectos relativos ao cumprimento das normas e operativos relativos a organización da atención primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, como punto de partida dunha análise máis concreta de dúas áreas sanitarias.

Avaliaranse aspectos como os recursos orzamentarios, os medios materiais e humanos vencellados á prestación do servizo, así como aspectos operativos e funcionais relativos á xestión integral do servizo. Na medida do posible avaliarase o grao de cumprimento do Plan Galego de Atención primaria.

Motivación:

A atención primaria, máis aló do impacto que a pandemia tivo na mesma, desde hai uns anos, ten experimentando tensións derivadas da carencia de profesionais, dun xiro sociodemográfico cara á

CSV: BOPGDSPG-B7FhvGqqY-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: KT2G3MXLZ6HJ4A5QM5XGKR5F4
Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 26 a 41

cronicidade e a pluripatoloxía, propias do envellecemento da poboación, o que aconsella acometer un diagnóstico da situación actual e dos plans establecidos para garantir unha prestación sanitaria adecuada neste ámbito.

Ámbito:

O ámbito obxectivo é a atención integral no servizo de atención primaria de Galicia. Respecto do ámbito subxectivo, sen prexuízo de que determinados extremos (gasto orzamentario, dotación de efectivos materiais e humanos, volume de actividade global etc.) poidan ser abordados de forma global para o Sergas, os aspectos operativos de xestión propiamente ditos realizaranse en dúas áreas, Ferrol e Pontevedra. O ámbito temporal abranguerá o exercicio 2023, sen prexuízo de que se estenda a exercicios anteriores co fin de avaliar evolucións e tendencias de medios.

Obxectivos:

Os obxectivos da fiscalización, aos que se dará cumprimento, na medida na que se dispoña da información necesaria para a análise, son os seguintes:

1. Análise da evolución interanual do gasto orzamentario do programa de atención primaria no último quinquenio, en especial no relativo aos gastos de persoal e investimentos.
2. Análise dos distintos medios (tanto materiais como humanos) ligados a xestión do servizo e a súa correlación e idoneidade coa demanda asistencial que soporta e determinación dos principais indicadores en función do número de persoas e consultas atendidas á menor desagregación informativa posible.
3. Avaliación e exame da demanda asistencial en atención primaria por modalidade (consultas de medicina de familia, pediatría, enfermaría e outros), das tendencias existentes e da súa evolución así como da planificación dos recursos para atender picos de actividade.
4. Avaliación dos distintos aspectos operativos e funcionais relativos á xestión integral destes servizos, en particular da xestión de axendas de citas, carga asistencial soportada por cada facultativo ou enfermeiro, tempos de atención da demanda, tempos de atención por modalidade de consulta etc.
5. Avaliación, na medida do posible, do grao de cumprimento do Plan Galego de Atención primaria 2019-2021, e se procede, do que o tivera substituído.

CSV: BOPGDSPG-B7FhvGqqY-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: KT2G3MXLZ6HJ4A5QM5XGKR5F4
Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 27 a 41

II.2.4.4. FISCALIZACIÓN DO TRANSPORTE SANITARIO NON URXENTE DO SERGAS [1802024-04]

Descrición:

Nesta auditoría revisaranse os novos contratos, asinados en 2021, que o Sergas xestiona en relación co transporte sanitario non urxente. Este tipo de transporte encargase de trasladar a pacientes que non requiren atención inmediata ou urxente, pero que necesitan ser mobilizados por motivos médicos.

Ao mesmo tempo, dáse cumprimento á recomendación do Parlamento de Galicia que instou ao Consello de Contas a realizar unha fiscalización operativa na que se analice a prestación, o custe e as posibles vías de financiamento. Neste sentido, revisaranse aspectos coma o orzamento anual destinado a estes contratos e os seus pagamentos, a análise do custe dos servizos, así coma o control da calidade na prestación do servizo. Finalmente, avaliarase o financiamento do servizo.

Motivación:

Trátase dunha recomendación do Parlamento de Galicia que o Consello de Contas atende. O Parlamento está interesado na realización dunha auditoría operativa que analice a prestación, o seu custe e as posibles vías de financiamento. Xa que logo, no exercicio 2021 se asinaron os novos contratos para a prestación do servizo, cómpre realizar ao mesmo tempo unha fiscalización de cumprimento en relación cos devanditos contratos.

Ámbito:

O ámbito obxectivo é a prestación do servizo de transporte non urxente en cada unha das áreas sanitarias do Sergas. De acordo cos novos contratos asinados no exercicio 2021 este servizo prestarase en tres modalidades: transporte programado; transporte non programado; e traslados intrahospitalarios urxentes. Respecto do ámbito subxectivo, esta actuación desenvólvese no marco da xestión que o Sergas efectúa destes contratos. O ámbito temporal abranguerá os exercicios 2021 a 2023.

Obxectivos:

Os obxectivos da fiscalización de cumprimento centraranse en verificar que a licitación dos novos contratos deu cumprimento ao previsto na LCSP, así como en avaliar a correcta execución dos contratos de acordo co previsto na normativa e no Prego de Prescricións Técnicas de cada unha das licitacións.

Polo que respecta ao aspecto operativo desta fiscalización atenderanse as seguintes preguntas de auditoría, sen prexuízo de que no transcurso da fiscalización poidan xurdir outras preguntas complementarias:

CSV: BOPGDSPG-B7FhvGqqY-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: KT2G3MXLZ6HJ4A5QM5XGKR5F4
Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 28 a 41

Que servizo comprende o transporte sanitario non urxente xestionado polo Sergas?

Cal é o procedemento para a coordinación de citas e asignación de recursos para estes traslados?

Como se xestiona e supervisa a calidade do servizo de transporte sanitario non urxente?

Como se avalía a satisfacción do paciente con respecto ao servizo de transporte sanitario non urxente?

Cal é o orzamento asignado anualmente para o transporte sanitario non urxente e como se distribúe este orzamento en termos de recursos e servizos?

Como se calcula o custe previsto de cada servizo?

Realízase algún tipo de seguimento ou avaliación de custos para optimizar a eficiencia do servizo?

Por último, tamén se avaliarán as fontes de financiamento do servizo.

II.2.4.5. FISCALIZACIÓN DO GASTO FARMACÉUTICO DO SERGAS [1802024-05]

Descrición:

O gasto farmacéutico constitúe unha das partidas máis importantes dentro do gasto sanitario, cunha tendencia consolidada á alza nos últimos exercicios, polo que a súa planificación e xestión eficaz e eficiente é imprescindible.

Neste sentido, planéase unha auditoría ambiciosa, cuxo obxecto abarcará tanto o gasto farmacéutico hospitalario, como o gasto extrahospitalario, na que se avaliará o cumprimento da normativa de contratación, os sistemas de control interno establecidos e o sometemento do sistema de xestión do gasto farmacéutico aos principios de eficacia, eficiencia e economía.

Motivación:

Ademais do feito de que o gasto farmacéutico constitúe unha das partidas máis importantes dentro do gasto sanitario do Sergas, a importancia dos medicamentos na contribución á saúde e benestar das persoas e a transcendencia da correcta xestión da prestación farmacéutica xustifican a actuación programada.

Ámbito:

O ámbito obxectivo comprende o gasto farmacéutico extrahospitalario e o gasto farmacéutico hospitalario, este último no ámbito operativo de dúas áreas sanitarias. O ámbito subxectivo é o Servizo Galego de Saúde e o ámbito temporal abranguerá o exercicio 2023, sen prexuízo de que se avalíen tendencias desde exercicios anteriores.

CSV: BOPGDSPG-B7FhvGqqY-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: KT2G3MXLZ6HJ4A5QM5XGKR5F4
Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 29 a 41

Obxectivos:

Os obxectivos desta fiscalización céntranse en:

1. Estudar os procedementos de control interno establecidos en relación á contratación e xestión deste gasto. De xeito específico, avaliarase o control do inventario que efectúa o Sergas sobre os produtos farmacéuticos adquiridos.
2. Avaliar o cumprimento da normativa de contratación por parte do Sergas na compra de medicamentos.
3. Avaliar a xestión da prescrición de receitas, analizando aspectos funcionais e organizativos, a homoxeneidade na prestación e as desviacións, así coma a súa sustentabilidade financeira. Tamén se analizará o control ou monitoreo que efectúa o Sergas respecto da prescrición dos medicamentos e do cumprimento dos protocolos establecidos ao efecto.
4. Avaliar o sometemento do sistema de xestión do gasto farmacéutico aos principios de eficacia, eficiencia e economía.

II.2.5. ÁREA DE CORPORACIÓNS LOCAIS

II.2.5.1. FISCALIZACIÓN DA CONTA XERAL DAS ENTIDADES LOCAIS DE GALICIA, EXERCICIO 2023 [1702024-01]

Descrición:

Esta fiscalización ten por obxecto a análise da rendición da conta xeral que se efectúa na Plataforma de Rendición de Contas polas entidades locais de Galicia (https://rendiciondecuentas.es/Presentacion/home), así como a formación da conta xeral das entidades locais, integrando as contas remitidas polas mesmas tomando como criterio de integración os ámbitos institucionais e de poboación, e incluirá:

a) Balance de situación.

b) Conta de resultado económico patrimonial.

c) Liquidación do orzamento de ingresos e gastos.

d) Resultado orzamentario.

e) Remanente de tesourería.

f) Endebedamento.

g) Indicadores.

CSV: BOPGDSPG-B7FhvGqqY-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: KT2G3MXLZ6HJ4A5QM5XGKR5F4
Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 30 a 41

Motivación:

O artigo 25.2 da Lei 6/1985, do Consello de Contas, sinala que "As entidades locais deberán remitir as contas de cada exercicio directamente ao Consello, sendo a data límite para efectuar a devandita remisión a mesma que a lexislación estatal reguladora das facendas locais estableza para a remisión das súas contas de cada exercicio ao Tribunal de Contas.

O Consello de Contas debe formar e unir a conta xeral das entidades locais, que debe ser recoñecida polo Parlamento".

Ámbito:

O ámbito obxectivo é a Conta xeral das entidades locais de Galicia. O ámbito subxectivo está constituído polo sector local de Galicia e o ámbito temporal abranguerá o exercicio 2023.

Obxectivos

A fiscalización terá como obxectivos principais:

1. Analizar o censo do sector público local de Galicia, para dar información das entidades locais e entes dependentes que o forman.
2. Analizar o grao de cumprimento da obriga que teñen as entidades locais de Galicia de render as súas contas ao Consello de Contas de Galicia antes do 15 de outubro de 2023
3. Análise global sobre a situación económica do sector público local, incluíndo a capacidade ou necesidade de financiamento do sector durante o exercicio, aforro bruto e neto xerado, resultados orzamentarios e remanentes de tesourería para gastos xerais dispoñibles.

II.2.5.2. III INFORME ÚNICO DE COMUNICACIÓNS DA CIDADANÍA EN RELACIÓN CON IRREGULARIDADES NA XESTIÓN LOCAL [1702024-02]

Descrición:

Na exposición de motivos da Lei 8/2015, do 7 de agosto, de reforma da Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas, faise mención a un "(…) novo mecanismo de inicio dos procedementos de fiscalización a través de denuncias remitidas pola cidadanía ou asociacións con personalidade xurídica, a fin de fomentar a participación cidadá na prevención e represión da corrupción".

A estes efectos, engádese un novo apartado 3 ao artigo 24 da Lei 6/1985, do 24 de xuño, mediante o que se dispón que o procedemento fiscalizador tamén se poderá iniciar de oficio por acordo do Pleno do Consello de Contas, previa comunicación presentada por persoa física ou xurídica.

Os artigos 65 e 66 do Regulamento de Réxime Interior do Consello de Contas (RRI) regulan a tramitación das comunicacións ou denuncias e as actuacións complementarias que poden

CSV: BOPGDSPG-B7FhvGqqY-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: KT2G3MXLZ6HJ4A5QM5XGKR5F4
Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 31 a 41

desenvolverse cando o Consello tivese coñecemento da existencia de feitos ou comportamentos que puidesen ser constitutivos de responsabilidade contable aos efectos de ampliar os feitos e cualificar, con maior coñecemento daqueles, a existencia de indicios desta responsabilidade.

Tendo en conta o citado marco normativo procederá a elaborarse un único informe específico de fiscalización horizontal de cumprimento das entidades locais de Galicia a raíz das denuncias tomadas en consideración polo Pleno.

Este informe será obxecto de presentación de forma recorrente no primeiro cuatrimestre de cada exercicio. Sen prexuízo do anterior poderán efectuarse informes específicos de carácter horizontal que afecten a un ámbito material determinado en función da análise de riscos que se efectúe en cada exercicio previa á proposta de Plan de Traballo anual da Área, en función da reiteración de incumprimentos, alcance ou relevancia destes, que determinará a inclusión da fiscalización de cumprimento a raíz das citadas denuncias nunha fiscalización específica horizontal por área de xestión.

Motivación:

O motivo desta actuación é fomentar a participación cidadá na actuación de control externo.

Ámbito:

O ámbito obxectivo son os feitos denunciados nas comunicacións. O ámbito subxectivo está constituído polas entidades locais denunciadas e o ámbito temporal abranguerá os exercicios denunciados con posible extensión das actuacións ata o último exercicio rendido.

Obxectivo:

O obxectivo será verificar se as actividades, operacións e información das entidades subliñadas cumpren nos seus aspectos significativos coa normativa aplicable.

II.2.5.3. FISCALIZACIÓN DAS GRATIFICACIÓNS POR SERVIZOS EXTRAORDINARIOS NAS ENTIDADES LOCAIS DE GALICIA [1702024-03]

Descrición:

A fiscalización consistirá na verificación da regularidade dos acordos de abono de gratificacións e horas extraordinarias adoptados polas entidades locais seleccionadas, así como do cumprimento dos requisitos para a súa imputación ao persoal e dos límites orzamentarios aplicables.

Motivación:

A actuación realízase por ser de interese para a cidadanía.

CSV: BOPGDSPG-B7FhvGqqY-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: KT2G3MXLZ6HJ4A5QM5XGKR5F4
Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 32 a 41

Ámbito:

O ámbito obxectivo son os acordos de abono de gratificacións e horas extraordinarias adoptados. O ámbito subxectivo está constituído polos concellos seleccionados en base a unha análise de riscos e o ámbito temporal abranguerá os exercicios 2022 e 2023.

Obxectivos:

O obxectivo desta fiscalización é a análise e comprobación, mediante a realización dunha auditoría de cumprimento, dos acordos de abono de gratificacións e horas extraordinarias adoptados nas entidades seleccionadas e do cumprimento dos requisitos establecidos na normativa para poder imputar estes gastos aos funcionarios. Tamén respecto do cumprimento dos requisitos previstos na normativa en relación ao abono de horas extras e a súa contía e xustificación no caso do persoal laboral. Así mesmo, verificarase o cumprimento dos límites orzamentarios aplicables ao pago destas retribucións extraordinarias e a súa correcta contabilización.

II.2.5.4. FISCALIZACIÓN SELECTIVA DE CONCELLOS DE GALICIA. EXERCICIOS 2022 E 2023 [1702024-04]

Descrición:

O informe realizará unha análise de áreas específicas da xestión municipal, que se determinarán a través dunha análise de riscos.

Motivación:

A actuación realízase para xestionar os principais riscos de xestión que se detectan a través da información recibida pola Plataforma de Rendición de Contas.

Ámbito:

O ámbito obxectivo son as áreas específicas da xestión municipal de maior risco. O ámbito subxectivo comprende os concellos seleccionados por tramo de poboación e provincia e o ámbito temporal abranguerá o exercicio 2022.

Obxectivos:

O informe terá por obxecto analizar áreas específicas da xestión municipal, que se determinarán a través dunha análise de riscos segundo a información dispoñible, tanto do control interno dos concellos seleccionados como de toda a documentación recibida da actividade contractual, dos acordos contrarios aos reparos formulados pola intervención local, dos expedientes con omisión de fiscalización e das anomalías en materia de ingresos.

CSV: BOPGDSPG-B7FhvGqqY-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: KT2G3MXLZ6HJ4A5QM5XGKR5F4
Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 33 a 41

II.2.5.5. ANÁLISE DA EFICIENCIA DAS FUSIÓNS MUNICIPAIS [1702024-05]

Descrición:

Verificarase se coas fusións nos concellos de Oza-Cesuras e Cerdedo-Cotobade se alcanzou unha mellora na eficiencia e eficacia na prestación dos servizos municipais. Así mesmo, valoraranse outras posibles alternativas baseadas na evidencia e nun escenario contrafactual.

Motivación:

Proporcionar información argumentada da viabilidade das fusións e da posible mellora na prestacións dos servizos públicos.

Ámbito:

O ámbito obxectivo será a análise da memoria motivando a necesidade ou conveniencia da fusión, así como das estipulacións xurídicas e económicas que se perseguen coas fusións dos concellos, con especial atención aos estudios previos de formas de xestión dos servizos públicos vixentes nese momento e propostas de modificación; redimensionamento das estruturas organizativas resultantes da nova situación; coordinación das normas urbanísticas; nova imposición local; integración de bens, dereitos e obrigas, así como dos principais rateos de solvencia a curto e longo prazo.

O ámbito subxectivo está constituído polos concellos de Oza-Cesuras e Cerdedo-Cotobade e o ámbito temporal abranguerá a análise da situación no exercicio 2024.

Obxectivos:

Os obxectivos da actuación serán os seguintes:

1. Análise da memoria motivando a necesidade ou conveniencia da fusión.
2. Análise dos estudios previos de formas de xestión dos servizos públicos vixentes no momento da fusión e das propostas de modificación.
3. Análise do posible redimensionamento das estruturas organizativas resultantes da fusión.
4. Estudo da coordinación das normas urbanísticas ou da redacción dunha nova norma urbanística.
5. Análise da nova imposición local, así como da integración de bens, dereitos e obrigas económicas.

CSV: BOPGDSPG-B7FhvGqqY-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: KT2G3MXLZ6HJ4A5QM5XGKR5F4
Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 34 a 41

II.2.5.6. AUDITORÍA DO ESTABLECEMENTO DE ZONAS DE BAIXAS EMISIÓNS (ZBE) NOS CONCELLOS DE GALICIA. EXERCICIO 2023 [1702024-06]

Descrición:

O informe verificará o cumprimento da normativa que esixe o establecemento das ZBE, e valorará os seus efectos sobre a contaminación atmosférica.

Motivación:

O artigo 14.3 da Lei 7/2021, do 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética, esixe aos municipios de máis de 50.000 habitantes e aos territorios insulares a adopción, antes de 2023, de plans de mobilidade urbana sustentable que introduzan medidas de mitigación que permitan reducir as emisións derivadas da mobilidade.

Ámbito:

O ámbito obxectivo serán as zonas de baixas emisións establecidas polos concellos galegos. O ámbito subxectivo comprenderá aos concellos de poboación superior a 50.000 habitantes e o ámbito temporal abranguerá o exercicio 2023, sen prexuízo de que as actuacións se poidan estender a exercicios anteriores ou posteriores se resulta oportuno para o cumprimento dos obxectivos.

Obxectivos:

Os obxectivos do traballo serán os seguintes:

1. Verificar o cumprimento da normativa que esixe o establecemento das ZBE.
2. Valorar os efectos sobre a contaminación atmosférica derivados do establecemento das ZBE.
3. Analizar o financiamento do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR) obtido polas entidades locais para o establecemento das ZBE, así como o destino dado por estas aos fondos.

II.2.5.7. AUDITORÍA DAS MEDIDAS ADOPTADAS POLAS ENTIDADES LOCAIS DE GALICIA PARA REDUCIR A TEMPORALIDADE NO EMPREGO PÚBLICO [1702024-07]

Descrición:

Na actuación analizarase o proceso extraordinario de estabilización no acceso á función pública regulado moi escuetamente pola Lei 20/2021 do 28 de decembro, e o RDL 5/2023, do 28 de xuño, que deben finalizar antes do 31/12/2024.

Motivación:

Interese en valorar se con esta medida extraordinaria de estabilización se cumpre o obxectivo de

CSV: BOPGDSPG-B7FhvGqqY-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: KT2G3MXLZ6HJ4A5QM5XGKR5F4
Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 35 a 41

reducir a temporalidade no emprego público ao 8% e fomentar unha maior estabilidade tanto dende un punto de vista de legalidade como de eficacia, eficiencia e economía do proceso. Analizarase tanto a súa coherencia interna —se se inclúen todas as prazas afectadas— como externa —se se adoptan medidas para evitar que a situación se reproduza- e tamén se se executan as OEP ordinarias en prazo de forma simultánea a estes procesos extraordinarios.

Ámbito:

O ámbito obxectivo son os procesos de estabilización levados a cabo para corrixir as altas taxas de temporalidade nos concellos seleccionados. O ámbito subxectivo está constituído polos concellos de máis de 10.000 habitantes e o ámbito temporal abranguerá dende a entrada en vigor da Lei 2/2021 ata o inicio dos traballos de campo.

Obxectivos:

Os obxectivos da actuación serán os seguintes:

1. Comprobar se os procesos de estabilización levados a cabo polos concellos cumpren cos principios de economía, eficiencia e/ou eficacia, e se existen marxes de mellora.
2. Incorporar á auditoría operativa que se propón criterios, metodoloxía, técnicas e ferramentas propias da avaliación de programas e políticas públicas.
3. Revisar se a articulación dos procesos de estabilización e os nomeamentos dos novos funcionarios interinos garanten o cumprimento dos principios de libre concorrencia, igualdade, mérito, capacidade e publicidade.
4. Analizar que os novos nomeamentos de funcionarios interinos que se poidan producir a partir da entrada en vigor da Lei 20/2021, do 28 de outubro, cumpren coas condicións establecidas na nova redacción do articulo 10 do EBEP.

II.2.5.8. AUDITORÍA OPERATIVA DA IMPLEMENTACIÓN DO OBXECTIVO DE DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE 10 NAS ENTIDADES LOCAIS DE GALICIA: O SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR [1702024-08]

Descrición:

A actuación analizará a participación das entidades locais de Galicia na implementación do ODS 10 a través dos servizos sociais de atención primaria, en concreto a través do servizo de axuda no fogar.

Motivación:

A Organización Internacional de Entidades Fiscalizadoras Superiores (INTOSAI) recoñeceu a importancia da Axenda 2030 das Nacións Unidas e incluíu os ODS como unha prioridade intersectorial

CSV: BOPGDSPG-B7FhvGqqY-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: KT2G3MXLZ6HJ4A5QM5XGKR5F4
Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 36 a 41

2 – isto é, que afecta múltiples áreas – no seu Plan Estratéxico 2017-2022. A INTOSAI fixo un chamado aos seus EFS membros a «contribuír con este seguimento e revisión dos ODS dentro do contexto dos esforzos de desenvolvemento sustentable específicos de cada nación e os mandatos de cada EFS particular».

O ODS 10 «Redución das desigualdades», presenta unha dimensión local a través da contribución efectuada na prestación de servizos públicos locais na consecución de metas, nomeadamente as relativas á potenciación e promoción da inclusión e garantir a igualdade de oportunidades e reducir a desigualdade de resultados.

Neste sentido centrarase a avaliación en base á metodoloxía do «Modelo de auditoría dos ODS da IDI» de Intosai, na contribución do servizo de axuda no fogar nos concellos de Galicia.

Ámbito:

O ámbito obxectivo será a implementación do ODS nas entidades locais de Galicia a través dos servizos sociais de atención primaria. O ámbito subxectivo estará constituído polo sector local de Galicia e o ámbito temporal abranguerá o exercicio 2023.

Obxectivos:

O obxectivo será valorar a contribución local ao cumprimento do ODS 10 a través do servizo de axuda no fogar.

II.2.5.9. AUDITORÍA DOS CONTROIS BÁSICOS DE CIBERSEGURIDADE DOS CONCELLOS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, LUGO, PONTEVEDRA E FERROL [1702024-09]

Descrición:

Avaliar o deseño e a eficacia operativa de determinados controis básicos de ciberseguridade.

Motivación:

Os riscos asociados aos sistemas de información que soportan os servizos públicos, e polo tanto, a información que xestionan, nun contexto de transformación acelerada das contornas tecnolóxicas nos que operan as Administracións Públicas, leva a considerar a ciberseguridade como unha das áreas prioritarias para as tarefas de fiscalización do Consello de Contas.

Ámbito:

O ámbito subxectivo son os controis básicos de ciberseguridade definidos na GPF-OCEX-5313. O ámbito subxectivo estará constituído polos concellos de Santiago de Compostela, Lugo, Pontevedra e Ferrol. O ámbito temporal abranguerá o exercicio 2024.

CSV: BOPGDSPG-B7FhvGqqY-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: KT2G3MXLZ6HJ4A5QM5XGKR5F4
Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 37 a 41

Obxectivos:

O obxectivo xeral desta auditoría, consistirá en avaliar o deseño e a eficacia operativa de determinados controis básicos de ciberseguridade mediante:

1. A identificación de deficiencias de control interno que poidan afectar negativamente á confidencialidade, integridade, dispoñibilidade, autenticidade e trazabilidade dos datos, a información e os activos da entidade.
2. A identificación de incumprimentos normativos relacionados coa ciberseguridade.

II.2.5.10. FISCALIZACIÓN DAS OBRIGAS DE REMISIÓN DE INFORMACIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS DE GALICIA E AVALIACIÓN DO ENTORNO DE CONTROL: CONTROL INTERNO, CONTRATOS E CONVENIOS [1702024-10]

Descrición:

Trátase dunha actuación reprogramada que supón unha modificación do alcance da actuación 1702023-02 aprobada no Plan Anual de Traballo de 2023, para substituír a revisión dunha selección de expedientes comunicados pola revisión e seguimento da planificación do control financeiro nas entidades locais, da emisión dos informes resumo e a aprobación dos plans de acción que corrixan os defectos postos de manifesto polo control interno.

Motivación:

A constatación da escasa implementación do novo marco de control interno aprobado polo Real Decreto 424/2017 (RCIL)

Ámbito:

O ámbito obxectivo será a información sobre o sistema de control interno remitido polas entidades locais de Galicia a través da Plataforma de Rendición de Contas. O ámbito subxectivo será o sector local de Galicia e o ámbito temporal abranguerá os exercicios 2021 e 2022.

Obxectivos:

Os obxectivos da actuación serán:

1. Analizar as actuacións de control financeiro levadas a cabo nas entidades, tanto na modalidade de control permanente como de auditoría pública.
2. Verificar se o órgano interventor elabora con carácter anual un informe resumo onde se reflictan os resultados do control interno, tanto do control exercido na modalidade de función interventora como na modalidade de control financeiro, de conformidade cos artigos 213 do TRLRHL e 37 do RCIL.

CSV: BOPGDSPG-B7FhvGqqY-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: KT2G3MXLZ6HJ4A5QM5XGKR5F4
Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 38 a 41

III. PROGRAMA DE ACTIVIDADES DE PREVENCIÓN DA CORRUPCIÓN

III.1. ACTUACIÓNS XERAIS

As actividades programadas neste eido de prevención da corrupción responden ao interese do Consello de Contas de continuar e afondar nas actuacións que, iniciadas en anos anteriores, aínda continúan vixentes e desenvolver outras novas, que van a abranguer tanto ámbitos subxectivos específicos como actuacións horizontais.

Preténdese, en definitiva, impulsar as actuacións neste ámbito seguindo as indicacións que constan no documento *Estratexia en materia de prevención da corrupción* e sendo consciente este Consello da importancia crecente desta materia, o que se traduce tamén na colaboración de varias áreas da institución na elaboración dalgún dos traballos previstos.

Como actuacións concretas compre destacar as seguintes:

- Aprobar a guía para a implantación de plans de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude, con especial énfase no proceso de avaliación de riscos, para poñer a disposición das entidades públicas.
- Actualizar as Directrices Técnicas para a avaliación das políticas de integridade e plans de prevención de riscos.
- Revisar o contido dos documentos técnicos *Documento 4: Metodoloxía para a Avaliación de riscos, e do Documento 5: Catálogo de riscos por área de actividade*, incorporando a experiencia adquirida nas actuacións levadas a cabo ata o momento en materia de prevención da corrupción e os resultados das guías anteriores.
- Poñer en marcha a través da Unidade de prevención da corrupción un sistema de rendición e control formal dos plans de prevención e medidas antifraude aprobados polas entidades do sector público autonómico e levar un inventario destes plans.
- Elaborar as bases do certame literario previsto no Protocolo de colaboración asinado coa Consellería de Cultura, Educación e Universidade.
- Modificar as bases reguladoras para a concesión do premio de investigación "Carlos G. Otero Díaz" e realizar a convocatoria da V edición.
- Promover a sinatura dun protocolo de colaboración coas entidades representativas das asociacións empresariais para o impulso dunha guía de boas prácticas que alente a abordar programas de cumprimento e outros aspectos informais da cultura organizativa que incidan na integridade pública.

CSV: BOPGDSPG-B7FhvGqqY-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: KT2G3MXLZ6HJ4A5QM5XGKR5F4
Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 39 a 41

III.2. ACTUACIÓNS PROGRAMADAS

Seguindo coa mesma sistemática prevista para a función de fiscalización, coa finalidade de visualizar e dispoñer dunha mellor información sobre o desenvolvemento das actuacións durante o exercicio 2024, e tendo en conta o proceso de execución das actuacións en materia de prevención da corrupción previstas no plan de traballo ao longo de varios exercicios, preséntase a programación correspondente ao ano natural, na que se incorporan as actuacións en execución correspondentes a un plan anterior.

Cadro 2: Actuacións programadas en prevención da corrupción

Código de actuación	Actuacións en materia de prevención da corrupción	Ano previsto de aprobación	
		2024	2025
1602022-07	Avaliación do control interno e xestión de riscos na área de contratación	✓	
1602023-04	Informe global sobre o sistema de integridade e prevención de riscos no Sector Público Autonómico		✓
1612022-02	Avaliación do control interno e xestión de riscos na área de subvencións	✓	
1632017-05	Diagnóstico sobre a implantanción dos sistemas de control interno e de xestión de riscos nas sociedades mercantís do sector público autonómico da Comunidade Autónoma	✓	
1702024-11	Informe de avaliación do control interno e xestión de riscos na área de contratación das principais entidades beneficiarias no exercicio 2022 no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.	✓	
1702024-12	Informe de avaliación do control interno e xestión de riscos na área de disciplina urbanística. Xestión e control do patrimonio municipal do solo.		✓

As novas actuacións incorporadas neste programa son as seguintes:

III.2.1 INFORME DE AVALIACIÓN DO CONTROL INTERNO E XESTIÓN DE RISCOS NA ÁREA DE CONTRATACIÓN DAS PRINCIPAIS ENTIDADES BENEFICIARIAS NO EXERCICIO 2022 NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA [1702024-11]

Trátase dunha reprogramación da actuación 1702023-11 prevista no Plan de traballo de 2023, como consecuencia da modificación do seu ámbito obxectivo que pasa a estar constituído polo conxunto de instrumentos, procesos e estruturas para fomentar a integridade e polos procesos de xestión de riscos implantados en materia de contratación así como pola fiscalización que se realice sobre unha mostra de contratos que con ocasión da execución de Fondos Next Generation se teñan tramitado na entidade.

Os obxectivos son:

1. Avaliar a metodoloxía da análise e planificación da xestión de riscos nos procesos de contratación chave para a execución do PRTR con atención especial a avaliación de riscos e medidas.
2. Verificar o ciclo de contratación dos expedientes tramitados como consecuencia da execución

CSV: BOPGDSPG-B7FhvGqqY-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: KT2G3MXLZ6HJ4A5QM5XGKR5F4
Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 40 a 41

destes fondos clasificando os erros pola súa importancia relativa.

3. Verificar a transparencia ao longo de todo o ciclo de contratación.
4. Avaliar os procesos relativos á prevención e xestión da situación de conflito de intereses nos procedementos de contratación e subvencións.
5. Obter conclusións sobre a mellora producida entre o marco de integridade actual en materia de contratación e o previo a súa implantación

III.2.2 INFORME DE AVALIACIÓN DO CONTROL INTERNO E XESTIÓN DE RISCOS NA ÁREA DE DISCIPLINA URBANÍSTICA. XESTIÓN E CONTROL DO PATRIMONIO MUNICIPAL DO SOLO [1702024-12]

Dende a Área de Corporacións Locais efectuarase un traballo de carácter horizontal no ámbito da colaboración coas entidades locais de Galicia na xestión e control do patrimonio municipal do solo. Trátase de avaliar o nivel de tolerancia ao risco e a xestión deste aspecto da xestión urbanística nos concellos que teñan aprobadas áreas de rehabilitación integral do centro histórico.

Os obxectivos son os seguintes:

1. Avaliar a implantación das medidas de prevención de riscos na área de xestión urbanística.
2. Efectuar recomendacións de mellora en relación coas principais áreas de actuación administrativa máis sensibles á aparición de riscos e medidas para a súa mitigación

CSV: BOPGDSPG-B7FhvGqqY-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: KT2G3MXLZ6HJ4A5QM5XGKR5F4
Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 41 a 41

Consello de Contas
de Galicia

PLAN ANUAL DE TRABAJO
EJERCICIO 2024

ESTE DOCUMENTO ES UNA TRADUCCIÓN DEL PLAN ANUAL DE TRABAJO, EJERCICIO 2024, REDACTADO EN GALLEGO Y APROBADO EN LA SESIÓN DEL PLENO DE 28 DE DICIEMBRE DE 2023, EL CUAL PREVALECE EN CASO DE DISCREPANCIA

CSV: BOPGDSPG-B7FhvGqqY-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 6FNK3KJGDGP7JQA5JRGXKZZQE
Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 41

CSV: BOPGDSPG-B7FhvGqqY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 6FNK3KJGDGP7JQA5JRGXKZZQE
Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 41

ÍNDICE

I. INTRODUCCIÓN 3

II. PROGRAMA DE FISCALIZACIONES 4

II.1. OBJETIVOS GENERALES DE LAS ACTUACIONES PROGRAMADAS 4

II.2. ACTUACIONES PROGRAMADAS 4

III. PROGRAMA DE ACTIVIDADES DE PREVENCIÓN DE LA CORRUPCIÓN 37

III.1. ACTUACIONES GENERALES 37

III.2. ACTUACIONES PROGRAMADAS 38

CSV: BOPGDSPG-B7FhvGqqY-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 6FNK3KJGDGP7JQA5JRGXKZZQE
Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 41

CSV: BOPGDSPG-B7FhvGqqY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 6FNK3KJGDGP7JQA5JRGXKZZQE
Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 41

I. INTRODUCCIÓN

